

ADEMAIS...

Oposicións!
*Imos gobernar ao
Parlamento?*

O OrientaConsello
pecha con éxito a
primeira tempada

Down Pontevedra
*Xuntos estrea
nova sede*

DÍA MUNDIAL DA SÍNDROME DE DOWN

**“Tiremos barreiras e prexuízos
cara a inclusión real”**

ÍNDICE

21M: O Movemento Down reivindica a inclusión real	3
21M: As entidades Down iluminan as 7 cidades galegas	11
21M: Os medios de comunicación galegos, implicados	25
O OrientaConsello pecha a súa primeira tempada	27
Alejandro, un antes e un despois en Domino's Pizza	29
Oposicións! Imos gobernar ao Parlamento?	31
A muller, respecto e igualdade: A nosa denuncia o 8M	33
Dispoñible a Guía de Orientación de 2018!	35
Xuntos muda de sede para mellorar o seu traballo	37
Máis noticias?	39
Séguenos!	40





Luis Pardo e Pamela Casagrande, condutores da gala

21M: COMPOSTELA, EPICENTRO DO DÍA MUNDIAL

“TOD@S TEMOS OS MESMOS DEREITOS INDEPENDENTEMENTE DOS CROMOSOMAS”

As persoas coa síndrome de Down reclamaron o mércores 21 de marzo en Santiago de Compostela a igualdade de dereitos no acto conmemorativo do Día Mundial da síndrome de Down. Pamela Casagrande, condutora da gala na que tamén se celebraban os 21 anos de Down Compostela, animou aos asistentes a continuar xuntos a loita pola inclusión do colectivo e, coa lectura do Manifesto pola promoción da autonomía persoal, alzou a súa voz para dicir ben alto e ben claro que “as persoas coa síndrome de Down temos dereito a estudar, a traballar, a querer, a divertirnos e a ser persoas autónomas e independentes”.

Máis de 300 persoas acudiron ao evento celebrado no Hostal dos Reis Católicos, co que a Federación Down Galicia e Down Compostela quixeron conmemorar o Día Mundial. As persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais volveron a ser as protagonistas imprescindibles dun acto, presentado polo xornalista Luis Pardo, ao que asistiron os conselleiros de Sanidade e Política Social, Jesús Vázquez Almuíña e José Manuel Rey Varela, e o alcalde de Santiago de Compostela, Martiño Noriega Sánchez.

O presidente de Down Compostela, Juan Martínez, comezou a súa intervención facendo fincapé nos 21 anos que cumpre a entidade. “Se hoxe celebramos o noso 21 aniversario, é grazas a dez persoas que deron un paso para poñer en marcha Down Compostela. Sen elas a nosa vida non sería igual, e a nosa sociedade tampouco sería a mesma, e por elas seguiremos reclamando a igualdade de dereitos e oportunidades”. Tamén aproveitou Martínez para agradecer “a aposta de moitos dirixentes políticos por leis pioneiras como a LISMI, a integración escolar, o acceso ao emprego ordinario e á función pública”. Pero tamén quixo amosar a súa preocupación polo “enfrentamento endogámico dos nosos políticos, que os afasta cada vez máis da realidade e que sempre prexudica aos menos favorecidos”.

Pola súa parte, o presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto, quixo poñer de manifesto a necesidade de que o marco legal estatal se axuste á Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade asinada por España en 2008. Neste sentido, aproveitou a presenza institucional para solicitar implicación ante estas cuestións. Prieto puxo tamén o foco na polémica Lei de educación (LOMCE) por “vulnerar os dereitos fundamentais das persoas con discapacidade, pola súa tendencia segregadora e pola ausencia de ferramentas que fomenten a verdadeira inclusión nas aulas”. Así mesmo, quixo salientar a importancia do envellecemento das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, xa que o aumento da súa esperanza de vida pon de manifesto a necesidade de levar a cabo actuacións que aborden esta nova situación.



21DOWN
Conectados
anos contigo

DOWN
Federación
Síndrome
de Down
Galicia





[¡XA PODES VER AQUÍ FOTOS DO ACTO DO DÍA MUNDIAL 2018!](#)



A Torre de Hércules, iluminada o 21 de marzo

AS 7 CIDADES DE GALICIA, ILUMINADAS POLA IMPLICACIÓN DAS 7 ENTIDADES DOWN

Os principais monumentos das sete grandes cidades de Galicia tamén conmemoraron o Día Mundial da síndrome de Down. A Torre de Hércules, a muralla de Lugo, o Hostal dos Reis Católicos, a Cidade da Cultura, a Ponte Romana de Ourense, os concellos de Ferrol, Pontevedra e Santiago de Compostela, as Fontes de Aragón de Vigo e a de Catro Camiños na Coruña, e os edificios das Deputacións de Pontevedra e Lugo quedaron iluminados de azul e amarelo na tarde-noite do mércores 21 de marzo.

As entidades Down de Galicia tamén quixeron conmemorar o Día Mundial da síndrome de Down con numerosos actos reivindicativos e de sensibilización por toda a comunidade autónoma. Así, ademais do acto central en Santiago, nas sete principais cidades de Galicia persoas usuarias de todas as entidades membro da Federación Down Galicia quixeron saír á rúa a facer escoitar a súa voz.

Ten conta das seguintes páxinas porque amosamos apenas un poucoíño dos actos de cada unha das asociacións espalladas polo país.













#21M2018

#downvigo

#vidasinlimites

#hechosdehistorias

#auténticos

OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN GALEGOS, IMPLICADOS NAS REIVINDICACIÓNS DO 21M

Como vén sendo xa habitual, Down Galicia acorda cada 21 de marzo un plan de difusión e sensibilización cos xornais e televisión pública do país coordinado a través do Departamento de Comunicación.

Desta maneira, a Federación ofrécese a aportar contidos divulgativos e informativos así coma a aportar espazos de difusión, dando visibilidade ao colectivo Down.

En canto aos xornais, a práctica totalidade das cabeceiras impresas accederon a ceder espazos para dar a coñecer ás asociacións e seguir rompendo barreiras a través de anuncios.

No tocante á Televisión de Galicia. Os Servizos Informativos da canle coordináronse coa Comunicación da Federación para sacar a diante case unha hora de contidos durante toda a semana do Día Mundial da Síndrome de Down.

Desde aquí agradecemos a colaboración en todo momento dos medios de comunicación galegos.

**Xa podes ver a cobertura realizada
por TVG na páxina seguinte.
Fai clic no contido que che interese!**

Cobertura do 20 de marzo:

- 18º aniversario Down Coruña (Peza informativa)

Cobertura do 21 de marzo:

- Miguel Pérez, de Xuntos, masaxista do Teucro (Conexión)
- Serie fotográfica con Down Coruña (Peza informativa)
- Declaración institucional do Parlamento de Galicia (Peza)
- Envellecemento e Vida Adulta en Teima (Reportaxe)
- Gala Día Mundial da Síndrome de Down (Conexión en Santiago e peza con imaxes de Teima e Down Ourense)
- Monumentos das 7 cidades, iluminados (Peza)
- Envellecemento en Teima e Acto en Ourense (Peza)

Cobertura do 22 de marzo:

- Entrevista a Delmiro Prieto (Presidente de Down Galicia) e Elias Ledo (membro de Down Compostela)

Cobertura do 23 de marzo:

- Entrevista a Rebeca Munín e Carlota Rodríguez (Vicepresidenta e membro de Down Compostela)
- Programa de Emprego Con Apoio de Down Galicia (Peza)

Cobertura do 25 de marzo:

- Entrevista a Alberto González e Aldara González (Pai e filla membros de Down Ourense)

O ORIENTACONSELLO PECHA A TEMPADA CUN ALCANCE DE 30.000 PERSOAS

Rematou con éxito a primeira tempada do OrientaConsello, o microespazo mensual en Youtube de Down Galicia dedicado á busca activa de emprego!

Desde a anterior revista, as dúas últimas entregas foron publicadas para pechar esta primeira tanda, tendo como protagonistas dous membros de Down Vigo, Guille e Lara.

Guille Fernández explica no seu episodio as partes que compoñen o contrato de traballo e que cláusulas inclúe, para coñecer o importante no noso día a día no traballo para manter o posto e ser profesionais. Lara Gómez, pola súa banda, explica que é e como funciona o programa "Emprego Con Apoio" das entidades Down de Galicia no derradeiro capítulo temporada.

Cos 13 consellos publicados chegouse a máis de 30.000 persoas, en boa medida polo contido compartido nas redes sociais axudando a acumular miles de reproducións

Esta iniciativa da Federación reivindica a inclusión e a filosofía colaborativa da rede, compartindo consellos e trucos que as axuden na complicada tarefa que é atopar un traballo. Desta maneira, persoas usuarias das distintas entidades tratan a través de vídeos breves e divertidos diversos temas do mundo da Orientación Laboral.

Pronto voltará o OrientaConsello cun novo enfoque!

Capítulo 12: Como é o contrato laboral, por Guille Fernández



Capítulo 13: Que é o Emprego Con Apoio, por Lara Gómez



ALEJANDRO, PRIMEIRA PERSOA CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL CONTRATADA EN DOMINO'S PIZZA

Aos seus 25 anos, Alejandro Nieto conta cunha bagaxe laboral imponente, xa que desde que comezou a súa andaina laboral con 20 anos, traballou en varias empresas da zona de Ourense e desempeñou diferentes tarefas en diversos postos. Actualmente, compaxina un contrato temporal como repoñedor EN Feuvert con outro en Domino's Pizza.

Nesta última comezou a traballar o pasado 4 de decembro, converténdose na primeira persoa con discapacidade intelectual que Domino's Pizza contrata en España. Durante a súa media xornada semanal monta caixas para pizzas, prepara os complementos, aprovisiona o local de material e de produtos necesarios, lava os utensilios, limpa as superficies e céntrase na atención ao cliente. Nestes momentos estase a preparar como “líder de sala” para recibir aos clientes cando entran no local e dirixilos ao mostrador ou ás mesas.

Ao preguntarlle polo que máis lle gusta, non dubida en responder que “todo”, pero resaltando sobre todo “o ambiente de traballo e a realización de tarefas moi diferentes”. En canto ao que menos, tras pensalo un pouco, di que non ten nada que dicir en negativo. Alejandro descríbese como un rapaz ao que lle gusta “facер e probar cousas novas”. Non lle importa pasar por diferentes traballos ata encontrar o máis axeitado, aínda que cree que xa o atopou en Domino's.





Membros de Down Pontevedra Xuntos o día da proba

OPOSICIÓN!

IMOS GOBERNAR AO PARLAMENTO?

Un total de 25 persoas de tódalas entidades Down en Galicia presentáronse o pasado 10 de marzo ao primeiro proceso selectivo convocado polo Parlamento de Galicia para a provisión dunha praza de uxier en Réxime interino. A convocatoria, reservada para persoas que acrediten unha discapacidade intelectual, ten por obxecto impulsar a inserción laboral deste colectivo. En total, foron unhas 200 persoas as que participaron neste proceso.

Por outra banda, está previsto que Down Galicia e o Parlamento galego asinen nos vindeiros días un acordo polo que a Federación realizará actividades de asesoramento e apoio na inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual que pasen a prestar servizos na Administración.

Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, valora positivamente que o Parlamento continúe coa aposta polo emprego público, xa que “as persoas con algunha dificultade poderán facer valer os seus dereitos”.

A reivindicación do Emprego Público

Considerando que cada tipo de discapacidade ten unhas particularidades propias, Down Galicia sempre reclamou que as adaptacións nas probas de acceso fosen específicas para cada grupo –intelectual, física e sensorial– xa que non é posible unha equiparación real de oportunidades de non terse en conta as diferenzas de partida.

A NOSA DENUNCIA O 8 DE MARZO: A MULLER, RESPECTO E IGUALDADE

O pasado 8 de marzo, Día Internacional da Muller, a Federación Down Galicia uniuse ás importantes reivindicacións que soaron en todo mundo, por unha vida en igualdade e respecto total á figura da muller.

A nosa organización aproveitou para denunciar a grave situación que aínda vive a muller en todo o mundo. Todas, con e sen discapacidade intelectual, deben ser respectadas e valoradas en igualdade cos homes en todos e cada un dos ámbitos da nosa vida.

Pola súa parte, o Comité de Entidades Representantes de Personas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia), e do que forma parte o Movemento Down, denunciou este ano as trabas que seguen atopando as mulleres con discapacidade no acceso á xustiza, que van desde as barreiras simbólicas, que impregnan o labor de todos os operadores involucrados (corpos de seguridade do estado, avogacía, fiscalía, maxistratura), ata as puramente materiais e evidentes relacionadas coa contorna física e da comunicación.

Así o recolleu o manifesto que a Fundación CERMI Mulleres (FCM) elaborou para este 8 de marzo. Esta advirte que a realidade pon de manifesto como o acceso á xustiza segue estando vetado para miles de mulleres con discapacidade, que enfrontan obstáculos de toda índole á hora de facer valer os seus dereitos en sede xudicial.





Un membro de Down Ourense en plena formación

DISPONIBLE A GUÍA DE ORIENTACIÓN 2018!

A Federación Down Galicia vén de actualizar a súa “Guía de Orientación Académica e Profesional para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual”, na que aquelas persoas que o desexen poderán atopar información moi útil sobre as diferentes opcións existentes en Galicia en relación a estes dous ámbitos.

Este documento foi creado co obxectivo de facilitar ás persoas pertencentes a este colectivo a busca dos mellores camiños e alternativas formativas e profesionais posibles, podendo tomar a continuación unha decisión de forma libre, reflexionada e responsable.

Neste sentido, o seu contido está encamiñado tanto a simplificar a elección dos itinerarios académicos (se o desexo é continuar no sistema educativo) como a facilitar a inserción laboral e profesional dos mozos e mozas que dan por terminada a súa formación.

Así, recóllese información de forma clara e sinxela sobre, por exemplo, as formas de acceso, saídas profesionais, duración ou modalidades das diferentes opcións formativas e profesionais que as persoas con discapacidade teñen á súa disposición. Esta información está dividida ao redor de 2 grandes eixos, as opcións de formación e as opcións e modalidade de emprego, que se completan cunha serie de interesantes recursos como referencias á lexislación, guías de recursos, páxinas web, recursos de apoio, listas de contratación pública, etc.

DOWN PONTEVEDRA XUNTOS MUDA DE SEDE PARA MELLORAR O FOMENTO DA AUTONOMÍA D@S USUARI@S

Down Pontevedra “Xuntos” inaugurou o pasado 23 de marzo de forma oficial o seu novo local na Rúa Gorgullón de Pontevedra. Unhas instalacións coas que se pretende dar cabida ás novas necesidades de espazo que Xuntos viña detectando debido ao seu crecemento dos últimos anos, tanto de persoas usuarias como en programas e servizos.

Este espazo contribuirá á mellora das actividades que a entidade leva a cabo, desde a atención temperá dos máis pequenos ao envellecemento activo dos maiores.

O acto contou coa asistencia de Dña. Digna Rosa Rivas Gómez, Deputada de Cohesión Social e Xuventude da Deputación de Pontevedra; Dña. Carme Fouces Díaz, Concelleira de Educación, Cultura e Igualdade do Concello de Pontevedra; e Dña. Blanca García-Señoráns Álvarez, Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia

Manuel Pérez Cabo, presidente de “Xuntos” quixo destacar que “este local é un soño cumprido”. “Hai 26 anos comezabamos esta andaina cun pequeno número de familias que non estabamos de acordo cos servizos prestados por aquel entón na sociedade. Pouco a pouco fomos medrando ata chegar a constituír unha gran familia superando o centenar de persoas usuarias”.

Por suposto, Pérez Cabo tamén quixo agradecer a todas aquelas persoas e institucións que apoiaron a Xuntos na consecución desta nova etapa porque “sen eles non sería posible estar hoxe aquí inaugurando este novo espazo”.

Deste xeito, deu as grazias á Xunta de Galicia, ao Concello de Pontevedra, a Supermercados Froiz, Ence, Panaderías A´Devesa, á Empresa TVMAC S.L, á Obra Social La Caixa, a Abanca, ao IES Montecelo, así como ao arquitecto Ricardo Aguilar, ao arquitecto técnico Jorge Costal e a Ángel Barry, que desde hai 21 anos colabora organizando a Gala Benéfica que ten como finalidade recadar fondos para a Asociación.



MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para delas!

[“La mirada”, a nova curtametraxe de Down Coruña que loita contra os prexuízos](#)

Down Coruña vén de estrear durante a semana do Día Mundial da Síndrome de Down unha curtametraxe que pon en evidencia os prexuízos e actitudes pouco afortunadas de parte da sociedade cara o colectivo. A asociación demanda “un cambio de mirada para normalizar a súa vida”.

[Down Vigo e Fundación Vodafone España premian a empresas por promover a inclusión laboral](#)

As 14 empresas que participaron no programa ‘Yo me prep@ro’, recolleron en marzo o diploma ‘Estamos prep@rados’ otorgado por Down Vigo e Fundación Vodafone por dar oportunidades laborais a persoas coa síndrome de Down, recoñecendo desta forma o seu apoio.

[Fundación Mutua Madrileña doa preto de 17.000€ á asociación Down Ourense](#)

Down Ourense conseguiu converterse, a través dunha votación na web da Fundación Mutua Madrileña, nunha das entidades elixidas para ser beneficiaria da recadación dos concertos organizados pola mesma. Así, a asociación destinará 17.000 euros ao proxecto de inclusión educativa.

SÉGUENOS!



DownGalicia.org



Facebook.com/DownGalicia



Twitter.com/DownGalicia



Youtube.com/DownGalicia



Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no e-mail comunicacion@downgalicia.org.

